

## MEMORIA FUNCIONAL DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (Atriga)

### INTRODUCCIÓN

Logo de observarse a necesidade de introducir unha nova modificación na estrutura da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) para concretar as funcións dunha das súas áreas de funcionamento con actuacións transversais e completar a súa estrutura para permitir o desenvolvemento de funcións que exixen unha especialización no tratamento da información, promóvese a modificación do seu decreto de estrutura, que na actualidade se está a tramitar.

En base ao anterior nace a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) que se propón coa finalidade de axeitala á nova estrutura deseñada no estatuto. Non obstante, aos cambios de estrutura orgánica, engádense nesta proposta outras modificacións que afectan a postos de nivel inferior.

Nos seguintes apartados detállanse os cambios que se introducen nos postos da vixente RPT da Axencia, aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de xuño de 2017 e publicada por Resolución do 9 de xuño de 2017 (DOG do 20 de xuño de 2017). Esta resolución foi modificada polas resolucións do 30 de novembro de 2017 (DOG do 13 de decembro 2017), do 31 de xullo de 2020 (DOG do 11 de agosto de 2020), do 26 de marzo de 2021 (DOG do 7 de abril de 2021), do 3 de marzo de 2023 (DOG do 9 de marzo de 2023), do 7 de xullo de 2023 (DOG do 20 de xullo de 2023), do 24 de xullo de 2024 (DOG do 25 de xuño de 2024), do 5 de agosto de 2025 (DOG do 18 de agosto de 2025) e do 29 de setembro de 2025 (DOG do 30 de setembro de 2025).

As modificacións propostas toman como referencia o disposto nos seguintes preceptos legais:

- O artigo 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, segundo o que “a través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas





*incluidas no ámbito de aplicación da presente lei estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos“.*

- O artigo 69 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que especifica que *“a planificación dos recursos humanos nas Administracións Públicas terá como obxectivo contribuir á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade”.*

## MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÉIEN

A continuación, expóñense de xeito pormenorizado as modificacións que se propoñen, e de forma particular para cada unha das áreas de funcionamento da Atriga, desglosadas segundo o tipo de proposta: creacións, modificacións e supresións de postos.

### A.- DIRECCIÓN

#### 1.- Creacións

Créase baixo a dependencia da Dirección da Atriga o posto de traballo Xefatura Negociado/a Administrativo/a Apoio á Dirección, código FC.A20.00.000.15770.003, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo escala a xeral, e con adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia (AXG).

Considérase necesario que a Dirección da Atriga conte con dous postos de asistencia, o posto de secretaría xa existente e outro posto de apoio á dirección para realizar funcións de apoio á atención telefónica, á organización da axenda, á xestión documental e ao





seguimento dos asuntos correspondentes aos órganos dos que forma parte a persoa titular da Dirección, como o Consejo Superior para a Dirección e Coordinación da Xestión Tributaria, o Consejo Territorial, grupos de traballo no seno do CPFF, órganos colexiados no seno do Catastro, etc. e así mesmo para dar apoio administrativo, entre outras, ás funcións executivas en materia tributaria a exercer pola persoa titular da dirección.

A configuración do posto mencionado será a que se describe:

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV	F.PROV	GR.	CORPO/ ESCALA	ADS. ADMIN	LIÑA
FC.A20.00.000.15770.005	Xefatura Negociado/a Administrativo/a Apoio á Dirección	18	C	A2C1C2	A1	AXG	5659

## 2.- Amortizacións

Co obxecto de financiar a modificación da estrutura da Atriga polo decreto que se promove, e consonte co xustificativo na súa memoria económica, amortízase o seguinte posto que se atopa vacante e que se considera prescindible na súa unidade de orixe. Este posto estaba ocupado por persoal laboral fixo a extinguir do grupo IV, que quedou vacante por xubilación voluntaria en data 15/11/2022, sen que fose cuberto a través de ningún proceso de provisión dende entón.

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV	F. PROV	GR.	CORPO/E SCALA	ADS. ADMIN	LIÑA
FC.A20.00.000.15770.051	Posto Base Subgrupo C2	12	C	C2	A1	AXG	561

## B.- ÁREA DE COORDINACIÓN DE PROCESOS TRIBUTARIOS E ASUNTOS XERAIS

### 1.- Creacións

A modificación da estrutura que se está a tramitar mediante decreto contempla a creación, baixo a dependencia da *Área de Coordinación de Procesos Tributarios e Asuntos Xerais*, do posto de traballo denominado *Xefatura de Departamento de Desenvolvementos Funcionais e Estatísticos* co código FC.A20.00.005.15770.020, de nivel





28, con forma de provisión libre designación, aberto aos subgrupos A1/A2, en corpos/escalas a xeral, escalas superior e técnica de estatísticos (XSE/XME), con adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e outras comunidades autónomas (AI), e co requisito indispensable, para persoal doutra administración, de posuír o curso de perfeccionamento de galego (640).

En canto ao sistema de provisión do antedito posto, cómpre ter en conta que a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia establece no artigo 91 que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse mediante concurso específico, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

Así tamén, no seu artigo 92 dispón que, excepcionalmente, se poden prover polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario aqueloutros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.

En aplicación dos preceptos da citada Lei 2/2015, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal ditou a Resolución do 25 de febreiro de 2016, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

As funcións atribuídas a este posto xustifican a aplicación dos criterios de excepcionalidade na forma de provisión. As funcións que ten encomendadas determinan que o posto vai ter un papel nuclear no funcionamento da Axencia, xa que vai ter a responsabilidade do tratamento da totalidade dos datos tributarios para elaborar a información estratéxica precisa para a adopción de decisións para a planificación e deseño das actuacións de loita contra a fraude fiscal.

Por unha banda, a persoa titular do posto vai ter que xestionar información estratéxica altamente sensible, cuxa revelación ou tratamento inadecuado afectaría de maneira





directa ao interese público. Vai xestionar a información tributaria masiva da cidadanía, dun xeito analítico e predictivo para a planificación das actuacións de control, comprobación e investigación tributaria, para a detección de riscos de fraude, identificación de comportamentos tributarios inadecuados e relevantes.

Por outra banda, sobre este posto concorre a especial responsabilidade por garantir a protección de datos especialmente sensibles derivados da xestión de información derivada de múltiples orixes, relacionadas con actuacións en materia económica e tributaria, para a que cómpre extremar a confidencialidade e discreción no tratamento da información e para as que deben implantarse medidas de seguridade de nivel medio e alto, consonte co establecido no apartado 5, especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais, da instrución cuarta da Resolución do 25 de febreiro de 2016 precitada, en relación coa *"clasificación establecida nos puntos 2 e do artigo 81 do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 1d de decembro, de protección de datos de carácter persoal aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro"*.

En terceiro lugar, e consonte co recollido na Resolución, son postos de especial responsabilidade aqueles que realizan funcións de avaliación, auditoría e investigación sobre o funcionamento dos servizos públicos e este departamento vai xerar a base estatística e funcional que permite avaliar os obxectivos da Axencia, vai ofrecer o soporte adecuado á dirección para avaliar a eficacia das actuacións desenvolvidas e vai analizar información clave para o control interno da Axencia, en toda a organización dela.

En conclusión, a natureza das funcións que vai desenvolver implica un acceso permanente a datos de alta sensibilidade tributaria, a construción do modelo de información para a toma de decisións estratéxicas con impacto na planificación na loita contra a fraude fiscal, a coordinación transversal con toda a estrutura da Axencia pero tamén con unidades e organismos externos á propia Axencia, a construción do modelo para a avaliación da eficacia e eficiencia do funcionamento da Axencia, e para a detección dos riscos internos de funcionamento para a toma de decisións a nivel da dirección. As funcións deste Departamento cumpren varios dos criterios de excepcionalidade





previstos pola normativa vixente que en resumo concretamos na xestión e análise de información estratéxica e altamente sensible, responsabilidade sobre sistemas que garanten a protección de datos persoais, participación directa na planificación tributaria e na loita contra a fraude e funcións de avaliación e de soporte á toma de decisión por parte da dirección. Todo isto xustifica conforme á normativa vixente a provisión deste posto polo sistema de libre designación dada a especial responsabilidade e cualificación profesional requiridas.

Por outra parte, procede reforzar esta Área de xeito global para un soporte axeitado de toda a súa estrutura coas funcións que ten que desempeñar, que poden agruparse en 6 grupos:

- 1) funcións de recursos humanos;
- 2) funcións de réxime orzamentario, contratación e xestión patrimonial;
- 3) funcións de auditoría e control dos servizos tributarios;
- 4) funcións como órgano estatístico sectorial;
- 5) funcións de coordinación e seguimento dos desenvolvementos tecnolóxicos das aplicacións empregadas para a xestión dos tributos e para a análise da información derivada e a supervisión da política de seguridade
- 6) funcións de rexistro, arquivo e custodia de documentos, réxime interior e outros asuntos xerais.

No que concirne a este apartado, as necesidades concretas serían:

*O Departamento de Péxime Económico-Financeiro* conta cun único efectivo que debe asumir todas as funcións vinculadas a esta unidade.

Así a xestión económica cotiá, vese incrementada, entre outras, coa tramitación dos expedientes de contratación administrativa e os convenios con contraprestación económica, a xestión do inventario, as accións derivadas do control de tesouraría, que inclúe a xestión dos ingresos da Axencia, e a preparación dos estados contables para a elaboración das contas anuais da Axencia, así como a atención aos requirimentos derivados das distintas auditorías externas, o seguimento do seu informe e máis a





relación con e o pagamento aos provedores e outras persoas subministradoras de bens e servizos.

A demanda crecente en materia de contratación, xunto coas labores de xestión diaria, dificultan a planificación, organización, coordinación e control da xestión orzamentaria, facendo necesaria completar a estrutura do departamento.

Polo exposto, propónse a creación dunha (1) Xefatura de Sección, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo escala a xeral, con adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional económico-orzamentaria.

A configuración dos postos creados será a que se describe:

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV	F. PROV	GR.	CORPO/ ESCALA	ADS. ADMIN	FORM ESP.	AREA FUNCIONAL	LIÑA
FC.A20.00.005.15770.020	Xefatura Departamento de Desenvolvementos Funcionais e Estatísticos	28	LD	A1A2	XSE/XME	All	640		6Zi02
FC.A20.00.005.15770.016	Xefatura de Sección	25	C	A1A2C1	A1	AXG		ECO	2571

## 2.- Modificacións:

### 2.1.- Cambios de denominación dos postos

A modificación do Decreto de estrutura da Atriga inclúe a modificación da denominación do posto da Área:

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN ANTERIOR	DENOMINACIÓN ACTUAL
FC.A20.00.005.15770.001	Xefatura Área de Coordinación, Xestión Económica e Asuntos Xerais	Xefatura Área de Coordinación de Procesos Tributarios e Asuntos Xerais

Esta modificación non afecta á ocupación dos postos nin ao resto das súas características.

### 2.2.- Modificación dun posto adscrito ao Departamento de Recursos Humanos e Réxime Interior

En consonancia coas necesidades especificadas no punto 1, cómpre sinalar que o





*Departamento de Recursos Humanos e Péxime Interior* carece de posto Xefatura de Sección de Habilitación, ao contrario de unidades semellantes e con equivalente número de efectivos. Por ende, dispón dun posto *Xefatura de Sección* código FC.A20.00.005.15770.011, con responsabilidade sobre as materias de xestión de persoal e réxime interior, así como, de xeito particular, aquelas relativas á habilitación de nómina: control da existencia de crédito, pagamentos, anticipos, pasivos, MUFACE, declaracións de IRPF, Seguridade Social, entre outras.

Todas as responsabilidades descritas deben levarse a cabo segundo o calendario legalmente establecido que require o cumprimento estrito dos seus prazos, para os que a Axencia non ten concedida ningún tipo de prórroga de gracia como sucede na administración xeral, polo que o acceso aos datos debe efectuarse nun momento temporal determinado, o que esixe dispoñibilidade horaria para cada un dos procesos nos que se debe intervir (entre outros, nómina, altas e baixas en seguridade social, presentación de declaracións informativas). O incumprimento dos prazos levaría á liquidación de sancións, ás que habería que facer fronte dende a Axencia.

Por outra parte, o feito de que esta Axencia, en contraposición coas consellerías, teña caixa propia conleva a tramitación dos pagamentos e a presentación mensual/anual das súas declaracións de retencións do IRPF e outras declaracións informativas, coa conseguinte sanción correspondente e outras implicacións no caso de incumprimento dos prazos, o que, ademais de incrementar a carga de traballo, reforza a necesidade da referida dispoñibilidade horaria.

En consecuencia, procede modificar o devandito posto e configuralo coas características propias dunha Xefatura de Sección de Habilitación e Persoal ao detentar a responsabilidade efectiva da xestión de nóminas, así como a coordinación entre os distintos centros directivos da Atriga dos asuntos referidos á habilitación, o que comporta unha maior esixencia en termos de dedicación, dispoñibilidade, responsabilidade e coñecemento da materia.

Ao anteriormente exposto debe engadirse o feito de que esta Axencia está experimentando un incremento do volume de traballo constante, tanto no ámbito da xestión de persoal como da habilitación, non só pola entrada en vigor de nova normativa





en materia de persoal non existente no ano 2013 -data de inicio do funcionamento da Atriga-, como pode ser, entre outras, a orde que regula o teletraballo, que xestiona na súa totalidade o Departamento, senón tamén polo incremento do número de postos derivado da asunción das zonas de recadación e a aplicación de novos tributos, e polo relevante aumento da taxa de cobertura da RPT, ao pasar do 82º/ono inicio da actividade da Axencia ao actual 89%, tendencia que debe continuar ata acadar a cobertura plena.

En definitiva, propónse que esta *Xefatura de Sección* pase a denominarse *Xefatura de Sección de Habilitación e Persoal*, coa correspondente asignación dun complemento específico diferenciado, que retribúa o incremento da dispoñibilidade horaria que se produce en determinados días do mes para facer fronte aos traballos preparatorios do pagamento da nómina e seguridade social dos empregados públicos, e forma de provisión concurso específico, que garanta a cobertura do posto con persoal cualificado.

As características do posto serán as seguintes:

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV	COMP. ESPECÍFICO	F. PROV	GR.	CORPO/ ESCALA	ADS. ADMIN	OBSERVAC.	ÁREA FUNCIONAL
FC.A20.00.005.15770.011	Xefatura de Sección de Habilitación e Persoal	25	15.812,72	CE	A1A2C1	A1	AXG	DISPOÑIBILIDADE HORARIA (ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA DO NO/12/2008)	PER

Esta modificación non afecta á ocupación do posto.

### 2.3.- Modificación do código do posto

Como consecuencia da creación do *Departamento de Desenvolvementos Funcionais e Estatísticos*, código FC.A20.00.005.15770.020, dentro da *Área de Coordinación de Procesos Tributarios e Asuntos Xerais*, procede a adscrición a dito departamento do posto existente nesa mesma Área *Xefatura de Sección*, código FC.A20.00.005.15770.003, aberto aos subgrupos A1/A2, en corpos/escalas a xeral, escalas superior e técnica de estatísticos (XSE/XME), o que leva a modificación do seu código que pasará a ser o FC.A20.00.005.15770.022.





Esta modificación non afecta ao resto das súas características.

Proponse a súa modificación nos seguintes termos:

CÓDIGO DE POSTO ANTERIOR	CÓDIGO DE POSTO ACTUAL	DENOMINACIÓN
FC.A20.00.005.15770.005	FC.A20.00.005.15770.022	Xefatura de Sección

## C.- DELEGACIÓNS DA ATRIGA

### 1.- Amortizacións

Co obxecto de financiar a modificación da estrutura da Atriga polo decreto que se promove, e consonte co xustificativo na súa memoria económica, amortízase o seguinte posto que se atopa vacante e que se considera prescindible na súa unidade de orixe.

Actualmente os cambios cara os que vimos evolucionando no ámbito da inspección, que traballa por obxectivos dende antes da entrada en funcionamento da Atriga, permite o reparto da carga de traballo entre os postos actualmente ocupados e o cumprimento dos obxectivos programados. Esta situación permítenos neste intre prescindir deste posto, actualmente vacante, sen prexuízo de que, conforme avancemos nas modificacións que estanse a acometer na Atriga, poda ser precisa a creación de novos postos para o exercicio das funcións inspectoras.

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV	F. PROV	GR.	CORPO/ ESCALA	ADS. ADMIN	LIÑA
FC.A29.10.000.56001.151	Subxefatura Unidade de Inspección	25	C	A1A2	XSF1 XMF1	AXG	551

Á súa vez, a fin de financiar as restantes modificacións que se promoven, propónse a supresión do posto vacante *Subalterno/a*, código FC.A29.10.000.15001.061, adscrito á Delegación da Atriga en A Coruña, que se atopa vacante e que se considera prescindible na súa unidade de orixe e contribúe a unha mellor optimización dos recursos humanos. A evolución da actividade administrativa tributaria e, fundamentalmente, a adopción do expediente electrónico, fai que a existencia de tres postos de subalterno cos que





contaba a delegación de A Coruña sexa unha dotación excesiva en relación coa carga de traballo actual, asumible polas persoas que ocupan os dous postos restantes.

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV	F. PROV	GR.	CORPO/E SCALA	ADS. ADMIN	LIÑA
FC.A29.10.000.15001.061	Subalterno/a	10	C	AP	A1	AXG	562

As medidas propostas adóptanse logo de sopesar que redundarán en beneficio da calidade do servizo público.

*Nota explicativa: os códigos empregados nos anteriores cadros teñen a seguinte descrición:*

*“Código Tlfj»• de adscripción a outras Administracións ás que se abren as R•s•s*

*XSF1 Xeral (escala superior de finanzas)*

*XMF1 Xeral (escala técnica de finanzas)*

*XSE Xeral (escala superior de estatísticos)*

*XME Xeral (escala técnica de estatísticos)*

*“Código Tlfj»• de adscripción a outras Administracións ás que se abren as R•s•s*

*All Adscripción indistinta a Funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.*

*“Código Formación esfi»iCijTiC6 do R s\**

*640 Curso perTeccionamento de galego*

*“Código Área funcional*

*TPI Tributaria*

*PER Persoal*

*ECO Económica-Orzamentaria*

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela

A directora

